

ESTUDIOS JULIO 2026.1

Aprobado: 2 de julio 2026

EDUCACIÓN PERMANENTE, MULLERES RURAIS, EDUCACIÓN SOCIAL E ANIMACIÓN SOCIOCULTURAL: SISTEMATIZACIÓN DUNHA EXPERIENCIA DE DESENVOLVEMENTO COMUNITARIO NO INTERIOR DE GALICIA

Alicia González Barreiro

GETS-IT (UVIGO)

Centro Estudios Chamoso Lamas

RESUMO:

Este artigo analiza o papel da educación permanente e da animación sociocultural na dinamización comunitaria do medio rural galego, tomando como referencia unha experiencia de intervención socio-educativa desenvolta entre 2004 e 2013 en asociacións de mulleres rurais da comarca do Orellón (Ourense). A investigación adopta un enfoque cualitativo baseado na sistematización de experiencias e na autoetnografía analítica, apoiándose en diarios de campo profesionais, documentación asociativa e o contraste participativo con 75 informantes clave. Os resultados evidencian que a alfabetización dixital, a recuperación dos saberes tradicionais e a creación de redes asociativas contribuíron ao fortalecemento da autoestima, á inclusión social e á cohesión comunitaria. Así mesmo, a análise da evolución posterior (2014-2026) revela un progresivo desmantelamento das accións socio-educativas estables, con efectos negativos sobre a participación

e a vida comunitaria. Conclúese que a presenza continuada de profesionais da Educación Social e da Animación Sociocultural constitúe un elemento estratéxico para combater a soidade, a exclusión e a desertización demográfica no rural galego.

PALABRAS CLAVE: Educación permanente; Educación social; Animación sociocultural; Mulleres rurais; Desenvolvemento comunitario.

ABSTRACT:

This article analyzes the role of lifelong education and sociocultural animation in the community development of rural Galicia, using as a reference a socio-educational intervention experience carried out between 2004 and 2013 in rural women's associations in the Orrellón region (Ourense-Spain). The research adopts a qualitative approach based on the systematization of experiences and analytical autoethnography, drawing on professional field diaries, associative documentation, and participatory cross-checking with 75 key informants.

The results show that digital literacy, the recovery of traditional knowledge, and the creation of associative networks contributed to strengthening self-esteem, social inclusion, and community cohesion. Likewise, the analysis of subsequent developments (2014–2026) reveals a progressive dismantling of stable socio-educational initiatives, with negative effects on participation and community life. It is concluded that the sustained presence of Social Education and Sociocultural Animation professionals is a strategic element for combating loneliness, exclusion, and demographic decline in rural Galicia.

KEYWORDS: Lifelong education; Social education; Sociocultural animation; Rural women; Community development.

Introdución

A conceptualización do aprendizaxe ao longo da vida (*lifelong learning*) deixou de vincularse exclusivamente aos entornos formais e de inserción laboral para instalarse como unha práctica de cara o desenvolvemento humano integral. Nas sociedades contemporáneas, marcadas por transformacións tecnolóxicas aceleradas, a educación permanente sitúase como unha resposta fronte aos riscos de exclusión social.

Como ben define Caride (2002), a pedagogía social e a educación ambiental ou comunitaria deben entenderse como unha responsabilidade pública colectiva que se estende ao longo de toda a existencia. Cando este marco conceptual se traslada ao contorno rural de Galicia, a intervención socio-educativa debe dialogar cunha idiosincrasia territorial complexa. O envellecemento, abandono das actividades agrarias tradicionais, a emigración e a fenda dixital sitúan á comunidade nunha posición de vulnerabilidade. Tal como sinala Cid Galante (2004), la Animación Sociocultural y el Desarrollo Comunitario dentro de la Educación Social son herramientas metodológicas esenciales para atender las necesidades colectivas, permitiendo a los individuos analizar el lugar que ocupan en la sociedad y potenciar la democracia cultural desde su propia realidad.

Por isto, esta investigación ten como obxectivos:

- 1-Analizar a contribución da educación permanente e da animación sociocultural o desenvolvemento comunitario das asociacións de mulleres rurais da comarca do Ourense;
- 2-Sistematizar unha experiencia profesional de intervención socioeducativa desenvolvida entre os anos 2004 e 2013 desde a perspectiva da autoetnografía analítica e da sistematización de experiencias.
- 3-Reflexionar, a partir da evolución observada ata 2026, sobre as consecuencias que a perda de continuidade das accións socioeducativas ten para a cohesión social, o envellecemento activo e a participación comunitaria no medio rural galego.

O medio rural galego como espazo de Educación Permanente

Lonxe de ser un espazo inerte, o rural de Galicia funcionaba como unha estrutura viva para o aprendizaxe interxeracional. A educación non formal foi por séculos a súa forza sendo agora un mecanismo indispensable para mitigar a soidade subyacente á dispersión demográfica. Desde unha óptica, que non deixa de ser tamén transfronteiriza, como sinala Sousa Lopes (2008) que sostén que o aprendizaxe de adultos en rexións periféricas non debe limitarse á instrución técnica, senón que debe propiciar dinámicas de concienciación e emancipación social, intimamente vinculadas á preservación da ecoloxía humana local.

Por outra banda, en 2013 Cid Fernández X.M. falaba do efecto do desmantelamento de servizos educativos nas áreas rurais galegas, indicando que se xeraba unha maior fragilidade e ruptura co dinamismo cultural de espazos pequenos como as parroquias.

No rural, herdáronse infraestruturas de tempos pasados, en que as escolas unitarias copaban pequenos espazos. As casas parroquiais convértense en casa de veciños/as e tamén en espazo de mulleres, sendo un punto comunitario aberto a toda a poboación. Neles a intervención socio-educativa que se chegou a realizar, non buscaba suplantar ou eliminar a identidade rural mediante modelos urbanos, senón xerar procesos de empoderamento da súa poboación, principalmente feminina. A reactivación de espazos en desuso (antigas escolas unitarias, tele-centros ou locais asociativos) facilita a creación de foros de diálogo e espazos activos nos que a experiencia acumulada polos maiores se valida e transmite como coñecemento compartido que mantén patrimonio.

Educación e Animación sociocultural na Galicia interior

Un análise da educación permanente en Galicia esixe incorporar de maneira transversal a perspectiva de xénero, por iso, a importancia da tarefa das mulleres do contorno rural galego, que sustentaron historicamente tanto o peso produtivo como a cohesión da comunidade, a través de redes informais de coidado e traballo artesanal, que tiveron e teñen unha principal importancia.

As investigacións resultan fundamentais para comprender este fenómeno; como sinala González Barreiro (2022, 2024) a dinamización das mulleres rurais a través do rescate dos oficios tradicionais (*tecedeiras*, *parteiras*, *coroceiras*) poden operar como un canal pedagóxico de primeiro orde para gardar a cultural de orixe.

O asociacionismo feminino consolídase, no seu intre, tendo en conta este enfoque, como un ente de acceso directo á educación e á animación sociocultural, o estruturar programas formativos para a poboación rural flexibles e accesibles, o que fai elevar significativamente a autoestima non só das mulleres, senón tamén do resto da poboación rural, rompendo ese antigo illamento e transformando o que é patrimonio material e inmaterial nunha ferramenta contemporánea de inclusión e resiliencia comunitaria. Esta perspectiva é compartida por González-Geraldo et al. (2017) ao abordar a pertinencia das metodoloxías activas e non formais para dotar de voz e liderado a colectivos tradicionalmente silenciados na periferia social.

O enfoque da Educación Social e Animación Sociocultural: metodoloxía para a acción

Seguindo as directrices teóricas clásicas da pedagogía comunitaria condensadas por Viché (2012), a animación sociocultural reconfírmase como unha corrente socioeducativa contemporánea que persegue a transformación na procura dun desenvolvemento humano solidario e sostible a través da educación permanente e a autonomía dos individuos. No rural galego, a educación permanente non se articula como unha transmisión xerárquica, foi un proceso compartido e co-participado.

Esta visión de diálogo conecta de xeito directo coas propostas de Madureira e Reis (2019), quen enfatizan na necesidade de construír redes cidadás colaborativas capaces de reactivar o espazo público rural como un lugar de encontro interxeracional. Para isto, os profesionais deben actuar como un dinamizador/ra endógeno que diagnostica as problemáticas singulares da aldea, do lugar, do pobo (envellecemento, dispersión, perda da memoria oral) para transformalas, mediante metodoloxías participativas, en proxectos tanxibles de acción e desenvolvemento local.

Dimensións do Impacto	Mecanismo de Intervención	Efecto Comunitario
Cognitiva / Tecnolóxica	Alfabetización dixital. Permitindo acceso funcional á administracións e saúde.	Redución da brecha dixital
Identitaria / Patrimonial	Recuperación da memoria oral, oficios tradicionais e asembleas veciñais.	Reforzo da autoestima e freno do desarraigo cultural. Activación do patrimonio
Social / Relacional	Creación de redes asociativas de mulleres e talleres interxeracionais.	Combate activo da soidade comunitaria e do aillamento.

Táboa 1 Dimensións do impacto e xeitos de enfocar a intervención. (Fonte propia)

Deseño metodolóxico que trae como exemplo a sistematización e a autoetnografía dende a praxe (2004-2014)

Para dotar este escrito do rigor epistemolóxico esixido nas Ciencias da Educación, adoptouse un deseño baseado na Sistematización de Experiencias (Jara Holliday, 2018) combinado coa autoetnografía analítica (Anderson, 2006). Este enfoque sitúa á investigadora nunha dobre vertente:

como axente de intervención (dinamizadora sociocultural sobre o terreo e responsable de accións formativas de xeito continuado) e como observadora crítica interna.

O marco temporal do estudo cómpre precisar que si adscribe ao período comprendido entre 2004 e 2013 corresponde á fase de intervención profesional continuada da investigadora como dinamizadora sociocultural e educadora social nas entidades asociativas participantes, principalmente tres. A análise sistemática dos materiais documentais, dos diarios de campo e a súa reinterpretación investigadora realizouse posteriormente, nun proceso prolongado de coñecemento acumulado das asociacións e de contraste continuado coas participantes, incorporando tamén unha reflexión sobre a evolución observada ata o ano 2026.

Trátase, nos seus comezos, dun período de profunda transformación tecnolóxica a nivel xeral, que coincide no rural galego con fitos de acción socioeducativa sobre o terreo, vinculadas a aportacións de fondos Europeos, como o programa formativo de achegamento á dixitalización «*Conectad@s o mundo*» desenvolvido a través da Federación Provincial de Mulleres Rurais en concellos do interior ourensán.

Este modelo metodolóxico ao que nos acollemos, asume os postulados de Schön (1998) arredor do "profesional reflexivo", onde o coñecemento pedagóxico non se impón de xeito vertical, senón que se co-constrúe no propio territorio a través da interacción participativa.

A recollida de datos estruturouse a partir dese traballo sostido nas asociacións de mulleres rurais, falando e tratando coas que denominaremos "Matriarcas" do rural galego (González Barreiro, 2015). Neste caso, o punto de observación é a comarca do Orellón, cunha mostra escollida mediante criterios de representatividade cualitativa e saturación teórica (Strauss e Corbin, 2002), sumando 75 informantes clave de entre 65 e 84 anos.

Os dispositivos de recollida de información foron, as axendas, que resolven como Diarios de Campo Profesionais (2004-2013), no que se atopan rexistros narrativos. Atendendo a mais de 300 sesións formativas, asembleas e obradoiros daquela década, cunha primeira incursión de alfabetización dixital e atención ao asociacionismo inicial. E o análise documental desas Redes Asociativas, a través da avaliación de actas escritas, proxectos de intervención e plans de accións psico-socio-educativos traballando fronte á desertización demográfica crónica.

Procedemento de análise dos datos

O proceso de análise non recorreu a programas informáticos automatizados, senón que se fundamentou nunha análise de contido cualitativa e artesanal (Bardin, 2010; Flick, 2015). Este procedemento estruturouse en tres fases manuais.

Unha primeira de lectura e inmersión no tema, na que léronse e reléronse os diarios de campo e as memorias de actividades acumuladas durante estes anos para recuperar a memoria viva da intervención.

Unha segunda de clasificación por temas (categorización), na que subliñáronse e agrupáronse os fragmentos de texto e as frases das mulleres segundo as temáticas repetidas e máis significativas. Deste xeito, organizouse a información en tres grandes eixes:

- a) Fenda dixital e emocional
- b) Aumento da autoestima
- c) O nacemento da autonomía asociativa.

Unha terceira de contraste de experiencias, onde os resultados e conclusións extraídos foron contrastados de xeito directo a través do diálogo compartido coas propias mulleres nas asembleas e con reunións con elas.

Limitacións deste estudo

Este traballo, como indicamos, inscríbese nun enfoque de sistematización de experiencias e autoetnografía analítica, polo que presenta as limitacións que son inherentes a toda investigación na que a persoa investigadora ten vinculación e participa directamente nos procesos estudados.

A proximidade ao contexto analizado proporciona un coñecemento profundo da realidade observada, mais tamén pode introducir elementos de subxectividade na interpretación dos datos. Co fin de reforzar a credibilidade dos resultados, as conclusións foron contrastadas, con elas, coas mulleres participantes, coas que se mantén relación. Algunhas delas, dadas as súas idades aos comezos, xa non se atopan entre nós, pero mantivemos procesos de devolución e diálogo continuado, e contrastouse a documentación xerada polas propias asociacións ao longo do período analizado.

Os achados deben interpretarse como unha aproximación contextualizada á realidade estudada, sen pretensión de xeneralización estatística, sen embargo, poden ser transferibles a outros contextos rurais con características semellantes ao dado na comarca do Orellón.

Voces dende o diario de campo. Referencia etnográficas

A análise do corpus textual dos diarios profesionais amosan de xeito empírico o tránsito dende o sentimento inicial de ilusión e descoñecemento formativo cara ao empoderamento, tanto a nivel tecnolóxico como comunitario das mulleres rurais.

No inicio dos obradoiros de alfabetización dixital, que foron o modo de acercamento, observase a resistencia inicial, feito que quedaba rexistrada en anotacións coma a seguinte:

"Sesión 4. Comarca de Orellón, centros social (outubro de 2004). Ao encender os ordenadores e iniciar as primeiras conexións deste proxecto formativo, Carmen (66 anos) afasta a cadeira cara atrás, cruza os brazos e di en voz baixa: *'Vir veño, pero, ata teño medo*

a derramar algo. Na casa límpolle o polvo. Non sei nada destas cousas, fun á escola catro días contados e a miña cabeza xa no dá para aprender'.

A intervención, neste primeiro día non foi técnica, foi de escoitar o seu medo a errar e traballar a súa autoestima. (Axenda-Diario de campo, 2004).

Porén, o deseño continuado dun traballo de animación sociocultural humanista e baseada na "atención emocional" transformou a visión da tecnoloxía, resolvendo ser unha canle facilitadora, xerando certa autonomía relacional.

O cambio radical na autopercepción de cada unha das persoas maniféstase nos rexistros diacrónicos posteriores, xa cara ao final do período de funcionamento do proxecto de aula, que permitía non só a tecnoloxía:

"Sesión 142. Centro social co Carballiño (marzo de 2005). Hoxe foron as propias mulleres da asociación as que xa agardaban que eu chegase.

Son resolutivas e xa encenden e apagan o ordenador de xeito autónomo, teñen clara a idea de comunicación, principalmente messenger para contacto familiar, o correo xa non é algo alleo a elas. Teñan ademais xerado un vinculo persoal entre elas, a pesar de ser de aldeas distintas. Cando lle pregunto a Felita (70 anos) como se sente manexando agora as ferramentas dixitais, sorrí con orgullo e respóndeme con firmeza: '*Agora xa non lle teño medo ao rato. Aprendemos tarde, pero demostramos que tamén sabemos*' " (Diario de campo, 2005).

Resultados ampliados á actualidade: a diversificación de saberes e o punto de inflexión (2014-2026)

A sistematización dos diarios de campo (2004-2013) amosa que a formación dixital non funcionaba de xeito illado para as asociación de mulleres rurais. Pola contra, as TIC actuaban

como un eixe vertebrador que convivía cunha amalgama de actividades presenciais que se realizaban dun xeito estable.

Dous puntos físicos centrais, servían de recurso principal ás mulleres e ocupaban a atención ás asociacións. Nun primeiro intre foi a aula situada no centro social da vila e a posterior unha disposición de local en aluguer, que economicamente na comarca financiaba a Federación coas aportacións de subvencións e cuotas.

Ademais, as sedes das asociacións de mulleres, que polo xeral era o mesmo espazo que as casa veciñais, no ámbito rural primixenio; eran dinamizadas para desenvolver nelas distintas actividades e obradoiros. Dende a pintura en tela, tallado de cristal, a calceta, a ximnasia de mantemento, ata a simple convivencia ante un café para manter charlas de prevención da violencia de xénero, de igualdade de xénero, etc, foron as propostas educativas de activación local.

Todas as actividades eran fomentadas de xeito sistemático e eran tanto para traballar de xeito transversal dende o manual para a psicomotricidade, como aquelas outras formativas de mellora cognitiva e memoria. Os obradoiro non eran meros pasatempos; constituían espazos de saúde emocional, socialización e toma de conciencia dos dereitos de xénero das "Matriarcas" (González Barreiro, 2015).

Porén, os datos recollidos e analizados de forma artesanal na última década revelan un preocupante punto de inflexión situado a partir do ano 2014. Os rexistros documentais constatan un proceso de precarización e progresivo desmantelamento desta oferta:

- **Período 2004-2013 (Esplendor Comunitario):** Actividades estables, actuación semanas con financiamento dos proxectos, dun xeito case continuado e auto-xestionados que garantían a asistencia e o compromiso do grupo.

- **Período 2014-2020 (Etapa Esporádica):** Desaparición das accións estables. Os obradoiros de pintura, cristal ou xénero pasaron a depender de subvencións puntuais e desarticuladas dos Concellos, da Deputación, reducíndose a intervencións de "un día" ou "un fin de semana" sen continuidade pedagóxica.
- **Período 2020-2026 (Actualidade Nula):** Parálise case total da oferta formativa non formal e institucional nas parroquias analizadas, convertendo as sedes asociativas en contornos silenciosos e illados, onde a carencia de educadores/as e animadores/as socioculturais sobre o terreo aboca ao colectivo á inacción, sendo agora a poboación mais maior.

Da formación sostida ao baleiro comunitario. Crítica da situación actual

A involución observada dende 2014 abre un debate fundamental na Pedagogía Social. O feito de que actividades, xa consolidadas, se fosen esvaecendo ata quedar en nada, na actualidade (2026), demostra o fracaso dos modelos de animación baseados en actividade ou no "evento puntual" fronte á "escola sociocultural" que defende Viché (2012).

Como xa advertirá González Barreiro (2016), ao analizar a "educación no fogar" en tempos de desertización, cando as institucións públicas retiran os recursos humanos financeiros estables do medio rural, as asociacións non poden sosterse por si mesmas, non poden atender custo de relatores, especialistas e profesionais. A perda de formacións supón un retroceso nas aldeas. O abandono de actividade e dos obradoiros manuais fragmenta as redes de apoio mutuo que exercían un papel preventivo contra a depresión e o deterioro cognitivo das mulleres maiores.

Quedan brasas, como que a alfabetización dixital, conquistada na década previa, serve hoxe para que algunhas das mulleres sigan comunicadas. Adaptáronse aos novos sistemas de comunicación dados pola tecnoloxía telefónica wasapt, pero a desconexión comunitaria presencial é un feito crítico innegable.

Os resultados obtidos nesta investigación son coherentes coa evidencia recente desenvolvida no contexto español sobre os retos do envellecemento no medio rural e a necesidade de fortalecer modelos comunitarios de intervención. Neste sentido, tanto García-García, Elices-Acero, Prieto-Lobato e de la Rosa-Gimeno (2025), a partir do proxecto **Rural-Care** desenvolvido en Castela e León, como os resultados obtidos a través do estudo da economía dos coidado en España e en Galicia (CENIE, 2026), sinalan que a permanencia das persoas maiores no seu contorno habitual require algo máis que servizos asistenciais. Precisa estruturas comunitarias estables, profesionais de proximidade e espazos que favorezan a participación, a autonomía e a creación de redes sociais. Os/as autores/as destacan, ademais, que a dispersión territorial, o illamento e a escaseza de profesionais constitúen algúns dos principais factores de vulnerabilidade no medio rural, aspectos que coinciden plenamente coa realidade observada na comarca do Orellón, e que reforzan a importancia da educación permanente e da animación sociocultural como ferramentas de cohesión e desenvolvemento comunitario.

Desde esta perspectiva, a evolución descrita e atendendo os anos 2014 e 2026 permite interpretar a progresiva desaparición das accións socioeducativas continuadas. Non como un feito illado, senón como parte dun proceso máis amplo que afecta a numerosos territorios rurais. Estudos recentes como o de CENIE insisten en que os modelos de atención e desenvolvemento comunitario máis eficaces son aqueles sustentados na continuidade das intervencións, na coordinación entre administracións e profesionais e na implicación activa da comunidade local, fronte ás actuacións puntuais ou dependentes exclusivamente de convocatorias temporais. Neste sentido, a experiencia aquí exposta achega unha evidencia empírica que reforza a necesidade de consolidar políticas públicas estables de Educación Social, Educación Permanente e Animación Sociocultural, entendidas non só como instrumentos formativos casuais, senón tamén como recursos estratéxicos para promover o envellecemento activo, combater a soidade non desexada e contribuír á sustentabilidade social das comunidades rurais.

Conclusións

O valor histórico do aprendizaxe ao longo da vida no rural galego quedou demostrado pola garda de patrimonio existente.

Na década de 2004 a 2013, onde as mulleres rurais pasaron de ser espectadoras a xestoras da súa propia cultura, hibridando as TIC con artes tradicionais e conciencia de xénero.

A realidade actual de 2026 obriga a que este artigo sexa unha chamada de urxencia. Non se pode falar de fixar poboación nin de loita contra a soidade no rural se se permite a morte por inanición do tecido asociativo.

Validar a experiencia do pasado require esixir hoxe en día políticas públicas con financiamento estrutural, non axudas esporádicas.

Son imprescindibles as figuras dos Educadores/as e Animadores/as no entorno rural, nas parroquias, abrindo ou reabrindo as sedes veciñais como focos e recurso para a mellora psicosocial das persoas, para a eliminación da exclusión que supón vivir no rural, e o fomento da igualdade, mantemento da cultura e unha aprendizaxe permanente que nunca debe deixar de ser.

Referencias Bibliográficas

Anderson, L. (2006). Analytic autoethnography. *Journal of Contemporary Ethnography*, 35(4), 373-395. <https://doi.org/10.1177/0891241605280449>

Bardin, L. (2010). *Análisis de contenido* (5ª ed.). Akal.

Caride, J. A. (2002). Construir la profesión: la Educación Social como proyecto político y pedagógico. *Pedagogía Social. Revista Interuniversitaria*, 9, 91-105.

- Centro Internacional sobre el Envejecimiento. (2026). *El derecho al cuidado y la economía de los cuidados en España*. CENIE; Universidad de Salamanca.
https://cenie.eu/sites/default/files/Derecho_al_Cuidado.pdf
- Cid Fernández, X. M. (2013). A educación no medio rural en Galicia: diagnósticos, loitas e propostas dende a Mesa Galega de Educación no Rural. *Revista Galega de Educación*, (55), 18-24.
- Cid Galante, R. (2004). La Animación Sociocultural y el Desarrollo Comunitario como educación social. *Revista de Investigación en Educación*, 1, 117-134.
- Flick, U. (2015). *El diseño de la Investigación Cualitativa*. Morata.
- Freire, P. (1970). *Pedagogía del oprimido*. Siglo XXI.
- García-García, J., Elices-Acero, Á., Prieto-Lobato, J. M., & de la Rosa-Gimeno, P. (2025). *Envejeciendo en casa: Rural Care como referente del nuevo modelo de cuidados*. **Trabajo Social Global**, 15, 1–14. <https://doi.org/10.30827/tsg-gsw.v15.31823>
- González Barreiro, A. (2004, 14 de octubre). «Elevamos la autoestima de los alumnos». *La Voz de Galicia*.
- González Barreiro, A. (2015). As “matriarcas”: Da intervención, da tecnoloxía facilitadora ás TIC's nas aldeas de Galicia. *Quaderns d'animació i educació social*, 21, 1-22.
- González Barreiro, A. (2016). Animación do rural e “educación no fogar” no tempo da desertización. *Quaderns d'animació i educació social*, 23, 1-18.
- González Barreiro, A. (2024). Asociacionismo, entes de acceso a la educación y la animación de la mujer rural. *Quaderns d'animació i educació social*, 40.
- González Barreiro, A. (2022). Dinamización de mujeres rurales a través de sus oficios, patrimonio del rural gallego de mediados del siglo XX. *Quaderns d'animació i educació social*, 36, 45-62.
- González-Geraldo, J. L., Del Pozo, Á., & González, T. (2017). Educación no formal y animación comunitaria: claves pedagógicas para la inclusión social. *Revista Española de Pedagogía*, 75(267), 241-258.
- Jara Holliday, O. (2018). *La sistematización de experiencias: práctica y teoría para otros mundos posibles*. CINDE-CEAAL.

- Krueger, R. A. (1991). *El grupo de discusión: Guía práctica para la investigación aplicada*. Granica.
- Madureira, C., & Reis, J. (2019). Redes de cidadania e desenvolvimento local em territórios de baixa densidade. *Revista Portuguesa de Estudos Regionais*, 51, 35-49.
- Ribeiro Areias, J., Dantas Lima Pereira, J., & De Sousa Lopes, M. (Eds.). (2008). *Associativismo e animação sociocultural: reflexões e inquietações à volta da educação, autonomia, participação, voluntariado e cidadania*. Intervenção.
- Martínez-Virto, L., & Hermoso-Humbert, A. (2021). *Hacia un modelo público de cuidados en la comunidad*. *Revista Española de Sociología*, 30(2). <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.26>
- Schön, D. A. (1998). *El profesional reflexivo: cómo piensan los profesionales en la acción*. Paidós.
- Strauss, A., & Corbin, J. (2002). *Bases de la investigación cualitativa: Técnicas y procedimientos para desarrollar la teoría fundamentada*. Universidad de Antioquia.
- Viché, M. (2012). *Una escuela sociocultural: La animación sociocultural como modelo de intervención socioeducativa*. Grup Dissabte Editorial.

Fontes orais

Agradecemos a todas e cada unha das participantes, ás que están e ás que xa marcharon, a súa atención.

As entrevistas e apuntes de axenda, gárdanse por parte da autora.

As participantes tiveron información da realización deste artigo, que parte das conversas e entrevistas realizadas durante as súas formacións dos anos 2004 e 2013.

COMO CITAR ESTE ARTÍCULO: González Barreiro, A. (2026), Educación Permanente, mulleres rurais, Educación Social e Animación Sociocultural: sistematización dunha experiencia de desenvolvemento comunitario no interior de Galicia. En: <http://quadersanimacio.net> n° 44, Julio 2026; ISSN: 1698-4404